



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PERICIAL Á ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Esta Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, non que se establece a súa estrutura orgánica

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos dotar á Administración de xustiza con mecanismos de asesoramento pericial, por técnicos privados nestas materias, sendo esta a razón que aconsella iniciar unha liña de colaboración entre a Consellería e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia

Antecedentes: A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, inclúe a asistencia pericial entre as prestacións propias do dereito á asistencia xurídica gratuíta, establecendo no seu artigo 6.6 a regra xeral de que a asistencia pericial gratuíta no proceso sexa realizada por persoal técnico adscrito aos órganos xurisdicionais, ou, no seu defecto, a cargo de funcionarios, organismos ou servizos técnicos dependentes das administracións públicas, e que só excepcionalmente e cando por inexistencia de técnicos na materia de que se trate, non fose posible a asistencia pericial de peritos dependentes dos órganos xurisdicionais ou das administracións públicas, esta se leve a cabo, se o xuíz ou o tribunal o estima pertinente en resolución motivada, por técnicos privados designados consonte o que se establece nas leis procesuais.

Como consecuencia das competencias transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro (funcións e servizos en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza), e asumidas polo Decreto da Xunta de Galicia 394/1994, do 29 de decembro, a Comunidade Autónoma de Galicia realizou o desenvolvemento normativo da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta, a través do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.

Para o excepcional suposto de designación de técnicos privados como peritos xudiciais, o mencionado decreto establece o procedemento que para o caso debe seguir o órgano xudicial, correndo a cargo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de xustiza, o aboamento dos honorarios conforme as condicións económicas que se estipulen entre a Administración e o perito.

Coa finalidade exposta nos parágrafos anteriores a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinou, en anos anteriores, protocolos de colaboración en materia de asistencia pericial á Administración de xustiza en Galicia cos seguintes colexios profesionais:

- Consello Galego de Colexios de Economistas





- Colexio de Enxeñeiros Industriais
- Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais
- Colexio de Enxeñería Informática de Galicia
- Colexio de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia
- Colexio de Psicoloxía de Galicia
- Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos
- Colexio de Arquitectos de Galicia
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas da Coruña e Pontevedra
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia o instrumento convencional arriba referido cunha vixencia de catro anos, prorrogables por outros catro, desde o día seguinte ao da súa sinatura.

O convenio de colaboración ten por obxecto establecer a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia no ámbito da quenda de asistencia pericial á Administración de Xustiza en Galicia, enmarcada no principio xeral de colaboración recollido na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para estes efectos o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia establecerá unha quenda para a prestación de asesoramento e ditame pericial nos procedementos penais nos que se requira por un xuíz ou tribunal a proba pericial de oficio ou a pedimento do Ministerio Fiscal ou cando a proba fose acordada a solicitude dun beneficiario de asistencia xurídica gratuíta, así como cando se acordase, en procedemento de calquera orde xurisdiccional, por pedimento do Ministerio Público en beneficio de menores abandonados ou persoas incapaces ou desvalidas.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- A Xunta de Galicia ten atribuídas competencias e funcións en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, no que se establece a súa estrutura orgánica.
- A conveniencia de dotar a Administración de Xustiza con mecanismos de asesoramento pericial, por técnicos privados nestas materias, é a razón que aconsella iniciar unha liña de colaboración entre a Consellería e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.





- O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia é unha corporación de dereito público, amparada e recoñecida pola lei, pola Administración do Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu ámbito territorial e no marco das súas competencias, exerce as funcións que lle asigna a Lei 11/2001 de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia e a lexislación básica do Estado nesta materia, é unha organización independente das administracións públicas, sen prexuízo das relacións de dereito público que legalmente lle corresponda con elas. Todas as actuacións dos órganos colexiais deste colexio oficial están rexidas polos principios de independencia, representatividade, actuación democrática e seguridade xurídica.

Financiamento: Para que se proceda ao pagamento ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, este efectuará unha liquidación mensual das compensacións económicas e as remitirá á Dirección Xeral de Xustiza, xunto coa correspondente factura e coas xustificacións da presentación dos respectivos informes periciais no órgano xudicial correspondente. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, pola súa parte, aboaralles os honorarios aos seus colexiados.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio de colaboración para articular as actuacións de referencia, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela

O Director Xeral

Juan José Martín Álvarez

